

ANEXO III Referencia convocatoria: 2025/CP/229

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: EAPA_0103/2024 - CLIRAQUA			
Título: "CLIRAQUA - Climate Resilience and Adaptation in Aquaculture. Testing innovative technologies and ecosystem-based solutions for the resilience of Atlantic aquaculture to climate change" (Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) en el marco del programa Interreg Atlantic Area)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á investigación			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/10/2025	FIN: 31/03/2028	
CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto que se indica.			
LUGAR E HORARIO: CICA. Luns-Xoves 09:00-14:00 h e 15:00-17:00 h. Venres: 08:00-15:00 h (35 h/semana)			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 DE XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a	<input type="checkbox"/>	Axudante de apoio á investigación	<input type="checkbox"/>
Xestor/a de investigación	<input type="checkbox"/> MECES:	Técnico/a administrativo/a e de xestión	<input type="checkbox"/>
Colaborador/a de investigación	<input type="checkbox"/> MECES:	Axudante de apoio á investigación	<input type="checkbox"/>
Técnico/a de apoio á investigación	<input checked="" type="checkbox"/> MECES: 3		
XORNADA:	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input type="checkbox"/>	Duración determinada: <input checked="" type="checkbox"/>	DATA FIN CONTRATO: 31/12/2027
RETRIBUCIÓNS BRUTAS : 2.166,66 € brutos/mes*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599250134 541A 6490206			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente).

REQUISITOS

TITULACIÓN: Título de mestrado
REQUISITOS: os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. (https://sede.udc.gal/services/telematic_register)
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia de la convocatoria
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiros de anuncios da Sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):
- Titulares: Jaime Rodríguez González (presidente, CAT-UN), Carlos Jiménez González (secretario, CAT-UN) e Javier Cremades Ugarte (CAT-UN).
- Suplentes: Roberto Bao Casal (presidente, CAT-UN), Armand Hernández Hernández (secretario, Investigador Ramón y Cajal, PR-RC) e Pablo Pita Orduna (Investigador Ramón y Cajal, PR-RC).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	b4fu25o2Q59JCqLTFgLiW==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	30/10/2025 16:11:21
Observacións		Páxina	1/4
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b4fu25o2Q59JCqLTFgLiW%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumpriran o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 30 de outubro de 2025

O INVESTIGADOR PRINCIPAL,

Asdo.: Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	b4fu25o2Q59JCqLFFgLiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	30/10/2025 16:11:21
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b4fu25o2Q59JCqLFFgLiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

O programa Interreg Espazo Atlántico 2021-2027 apoia a cooperación transnacional nas rexións atlánticas de catro países: Portugal, España, Francia e Irlanda. Neste novo programa, renóvase o compromiso coas rexións atlánticas mediante o respaldo a iniciativas innovadoras que contribúan ao crecemento desta área, abordando desafíos comúns transfronteirizos a través da implementación de accións conxuntas, o intercambio de boas prácticas e a contribución a políticas novas ou xa existentes.

O proxecto CLIRAQUA financiado polo programa Interreg Espazo Atlántico 2021-2027, ten como obxectivo xeral testar metodoloxías e tecnoloxías innovadoras, incluíndo técnicas moleculares e novos métodos de avaliación, para mitigar os efectos do cambio climático e garantir a resiliencia das especies chave da acuicultura atlántica, mediante solucións adaptativas baseadas en ecosistemas, promovendo a sustentabilidade ambiental, social e económica na área Atlántica.

O CICA coordinará CLIRAQUA, proxecto cunha duración de 30 meses que se desenvolverá entre 2025 e 2028, reúne a doce entidades de España, Portugal, Francia e Irlanda, co respaldo de entidades asociadas do sector produtivo, para tal fin búscase un/unha investigador/a con experiencia demostrada en proxectos europeos, preferentemente no programa Interreg, para integrarse nun consorcio multidisciplinar dedicado á investigación e desenvolvemento en acuicultura sostible.

TAREFAS A REALIZAR

As tarefas que realizará a persoa adxudicataria do presente contrato serán de investigación relacionadas coa temática do proxecto, en concreto, o/a candidato/a deberá ter comunicación directa cos grupos de investigación do CICA involucrados no proxecto e realizar os labores requiridos como coordinadores deste:

a) As tarefas máis importantes a realizar, entre outras, serán dar apoio e colaborar en:

- Apoio no deseño, execución e análise de actividades experimentais ou teóricas enmarcadas nos paquetes de traballo asignados ao CICA.
- Recopilación e análise de información científica e técnica relevante para o proxecto, incluíndo lexislación, políticas rexionais e estudos previos.
- Elaboración de entregables requiridos polo proxecto e de responsabilidade do CICA.
- Tratamento, análise e visualización de datos xerados no marco do proxecto, asegurando a súa correcta xestión segundo os principios FAIR.
- Coordinación con outras entidades participantes do proxecto (universidades, centros de investigación) para tarefas conxuntas.
- Contribución á redacción de artigos, relatorios e comunicacións científicas no marco dos resultados obtidos.
- Elaborar protocolos e estratexias innovadoras para optimizar a produción acuícola considerando as novas condicións ambientais derivadas do cambio climático.
- Integrar tecnoloxías avanzadas para a xestión eficiente de recursos, incluíndo sistemas baseados en intelixencia artificial, vixilancia ambiental e ferramentas para a optimización da calidade da auga.
- Avaliar e validar estas estratexias en colaboración con socios do proxecto e actores locais para asegurar a súa viabilidade e efectividade no contexto do programa Interreg Atlantic Area.
- Diseñar, desenvolver e validar sistemas de vixilancia continua que permitan detectar de forma temperá brotes de enfermidades emerxentes vinculadas ao cambio climático, especialmente en contornas acuícolas.
- Colaborar na integración dos sistemas de vixilancia nas estratexias de xestión do proxecto, co obxectivo de mellorar a capacidade de resposta rápida e a resiliencia dos ecosistemas acuícolas.
- Participar na análise de datos químico-biolóxicos e ambientais para identificar patróns de risco sanitario, contribuíndo á protección da saúde das especies cultivadas.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	b4fu25o2Q59JCqLtFFgLiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	30/10/2025 16:11:21
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b4fu25o2Q59JCqLtFFgLiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



b) Requisitos:

- Ter nacionalidade española ou calquera outra legalmente habilitada.
- Título de mestrado en Química, Bioloxía, Farmacia, Biotecnoloxía ou Ciencias do Mar.
- Experiencia en investigación na universidade e/ou centros de investigación, con título de doutoramento e estancias en centros de investigación internacionais.
- Experiencia previa en proxectos europeos, especialmente no marco do programa Interreg.
- Nivel alto de inglés, preferentemente C1 ou equivalente segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas (MERCL).
- Valorable nivel básico de portugués, preferentemente A2 ou maior segundo o MERCL.

c) Xustificación da duración do contrato:

- O tempo estimado para desenvolver este traballo será de 24 meses aproximadamente. Non existe posibilidade de prórroga baixo o mesmo proxecto, salvo que se produza unha extensión do período de execución do mesmo e a asignación orzamentaria o permita.

d) Criterios e valoración de méritos (valoración sobre 100 puntos):

¡IMPORTANTE! O *currículum vitae* debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

	CONCEPTO	PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1. Titulación académica	1.1. Título de mestrado en Química, Bioloxía, Farmacia, Biotecnoloxía ou Ciencias do Mar	10 puntos	10 puntos
	1.2. Outros títulos de mestrado	0 puntos	0 puntos
2. Experiencia en investigación	2.1. Grao de doutor/a en Química, Bioloxía, Farmacia, Biotecnoloxía ou Ciencias do Mar	15 puntos	15 puntos
	2.2. Participación en proxectos de investigación	0,5 puntos x mes traballado	5 puntos
	2.3. Estancias en centros de investigación internacionais	0,5 puntos x mes traballado	5 puntos
3. Experiencia profesional	3.1. Experiencia profesional en proxectos europeos, especialmente no marco do programa INTERREG.	0,5 puntos x mes traballado	5 puntos
4. Formación	4.1. Asistencia acreditada a cursos en temáticas de investigación	0,25 puntos x 5 horas	5 puntos
	4.2. Nivel alto de inglés acreditado, preferentemente C1 ou equivalente segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas (MERCL)	10 puntos	10 puntos
	4.3. Nivel básico de portugués acreditado, preferentemente A2 ou maior segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas (MERCL)	5 puntos	5 puntos
5. Publicacións e asistencia a congresos	5.1. Publicacións en revistas científicas indexadas	0,5 puntos x publicación	10 puntos
	5.2. Comunicacións en congresos científicos	0,5 puntos x congreso	5 puntos
6. Entrevista persoal	6.1. Entrevista persoal a, polo menos, as 4 candidaturas coas puntuacións máis altas (suma da valoración dos apartados anteriores)		25 puntos

Listaxe de agenda: na resolución se establecerase unha listaxe de agenda, puntuación mínima 65 puntos.

NOTAS IMPORTANTES:

- Presentar o *currículo vitae* ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de Criterios e valoración de méritos (apartado d). Os CV presentados en formato distinto ao indicado poderán non ser valorados.
- Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a súa duración.
- Na formación é imprescindible indicar o número de horas (en caso de non indicarse non se valorará).
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- Ademais de presentar a documentación indicada ao pé deste documento, é necesario achegar documentos acreditativos de todos os méritos incluídos no CV, tamén o do nivel de inglés C1, en caso de telo (os méritos non xustificadas documentalmente poderán non ser valorados).
- No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	b4fu25o2Q59JCqLTFfgLiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	30/10/2025 16:11:21
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b4fu25o2Q59JCqLTFfgLiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

